

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Instrución 8/2005, do 27 de abril, da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos, sobre selección temporal nos puntos de atención continuada.

O acordo asinado entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais con representación na mesa sectorial, de data 20 de febreiro de 2004, publicado como Pacto por Resolución do 29 de outubro de 2004 (DOG número 18, do 9 de novembro), sobre creación de postos de traballo e médicos de familia e diplomados en enfermaría de PAC piloto contén, entre outras materias, a posta en marcha de 16 PAC de atención continuada.

Na actualidade, como resultado da negociación dun novo modelo organizativo en urxencias, acórdase ampliar o número inicial de PAC piloto.

Todos os PAC que tiveron, e teñen por mor desta oferta, opción de voluntariedade para o persoal de cadro, transformaranse en condicións de novo modelo no prazo concorrente coa execución da OPE extraordinaria, previsto para o último cuadrimestre do ano 2005.

Os ámbitos ampliados de PAC piloto de atención primaria, nos que se executará a voluntariedade por mor desta instrución, recóllense no anexo I.

Tanto nos PAC do anexo I como no resto aplicaranse as condicións de traballo e as retributivas correspondentes, previstas no pacto citado sobre PAC piloto.

A selección temporal nos ámbitos non cubertos por convocatorias específicas realizaranse co persoal inscrito nas listaxes de vinculacións temporais, elaboradas ao abeiro do pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño de 2004).

O persoal seleccionado das listas de urxencias extrahospitalarias prestará servizos nestes PAC piloto mediante nomeamento de servizo determinado.

Xa que logo, cómpre establecer as actuacións para a ordenación do proceso de selección temporal, de conformidade co disposto na Norma xeral 12.5º A do pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño 2004), dos aspirantes inscritos nas listaxes de vinculacións temporais que prestarán servizo nestes PAC.

Con este obxecto, en aplicación do acordado na Mesa Sectorial de Negociación do persoal sanitario con data do 8 de marzo e 20 de abril de 2005, este centro directivo, de conformidade coas atribucións polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e pola Orde do 3 de febreiro de 2005, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, vén ditar as seguintes:

Instrucións.

Primeira.-Obxecto.

O obxecto destas instrucións é ordenar unha oferta xeral de selección temporal para a cobertura dos postos de médicos de familia e diplomado en enfermaría dos PAC.

Segunda.-Ámbito de aplicación.

As disposicións contidas nestas instrucións serán aplicables ao persoal médico de familia e diplomados en enfermaría que figuren inscritos nas listaxes para vinculacións temporais de persoal estatutario en urxencias extra hospitalarias de longa duración e que resulten seleccionados para vinculación nos PAC.

Terceira.-Modalidade de nomeamento temporal.

3.1. A cobertura de atención continuada de todos os PAC, sexan ou non pilotos do anexo I, realizarase mediante a modalidade de nomeamento temporal de servizo determinado, fóra de cadro.

3.2. Os nomeamentos dos PAC do anexo I terán por causa a posta en marcha de novo modelo de urxencias en atención primaria. Os ditos nomeamentos realizarase logo de opción de voluntariedade dos profesionais das unidades e servizos do correspondente PAC, segundo instrucións 7/2005 publicadas no DOG do 20 de abril. Con carácter xeral, os nomeamentos realizaranse baixo a modalidade A (1.624 horas de atención continuada) do artigo 5 do Pacto de PAC piloto (DOG número 18, do 9 de novembro de

2004), coa posibilidade de que o profesional vinculado poida voluntariamente superar a xornada para realización de atención ordinaria ou atención continuada.

3.3. No resto de PAC, os vínculos terán como causa a cobertura de atención continuada ou gardas no seu ámbito. Realízanse co nomeamento nas condicións da modalidade C, do artigo 5 do Pacto de PAC piloto (DOG número 18, do 9 de novembro de 2004). Estarán vixentes ata que, producida a incorporación dos profesionais da OPE extraordinaria, este persoal do cadro das correspondentes unidades realice a opción de voluntariedade de participación das gardas, coa eliminación da súa obrigatoriedade.

3.4. Os 16 PAC piloto actualmente xa constituídos e os 35 previstos no anexo I, sen prexuízo dos que se puideran ampliar, terán carácter estrutural. O número de vínculos de novo modelo calcularase en función das horas de atención continuada non cubertas voluntariamente polo persoal das unidades dos servizos de cadro dos ámbitos deses PAC, divididas entre 1.570. No intre que se proceda a dotación dos postos de traballo de persoal dos PAC, os nomeamentos de servizo determinado neses ámbitos serán transformados en nomeamentos interinos, de conformidade coas condicións estruturais dos citados PAC. A revisión ou amortización de postos en PAC realizarase a través de programas funcionais das xerencias correspondentes, logo de negociación no ámbito que corresponda.

3.5. Os vínculos de servizo determinado dos PAC restantes, rematarán por mor da opción de voluntariedade do persoal do cadro, coa eliminación de gardas obrigatorias. O cálculo do número de vínculos de PAC piloto que se vaian realizar por esta oferta de selección determinarase en función das actuais horas de atención continuada cubertas polo persoal eventual entre 1.624.

3.6. A formalización do citado nomeamento polo aspirante seleccionado garantirá a cobertura da atención urxente extrahospitalaria nas condicións previstas no pacto publicado por Resolución do 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e de enfermaría en PAC piloto (DOG número 18, do 9 de novembro de 2004), as descritas na oferta e nas normas reguladoras da dita prestación.

Cuarta.-Oferta de selección temporal.

4.1. Realizarase unha única oferta de selección para formalizar os vínculos anteriores. Nela distinguíranse as ofertas que corresponden aos PAC do anexo I, do resto. A oferta, por tanto, será conxunta, se ben a vinculación se realizará en dúas fases. Nunha primeira fase os 35 do anexo I e nunha segunda fase o resto, dado que a primeira está condicionada ao exercicio da opción de voluntariedade.

4.2. Informaranse os aspirantes que os vínculos que se formalicen nos PAC do anexo I teñen prevista a estabilidade, de acordo co disposto na instrución terceira punto 3.2 e 3.4, e verán aplicado o novo modelo de urxencias extrahospitalarias previsiblemente, no mes de novembro, data prevista de incorporación da OPE, e segundo se dispoña no acordo 8.124 DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 92 L Venres, 13 de maio de 2005 de condicións de traballo e retributivas do novo modelo.

4.3. No resto de PAC, informaranse os profesionais que opten por prestar servizos neles en lugar dos anteriores, que, con ocasión da toma de posesión da OPE, previsiblemente no mes de novembro, se realizará unha oferta de voluntariedade ao persoal do cadro destes ámbitos, como resultado da oferta poderán verse revisados o número actual de vínculos, así como os profesionais seleccionados, con respecto as listaxes de selección actualmente vixentes, adoptándose os criterios de cesamento e recolocación, e se é o caso, no seo da mesa sectorial.

4.4 Por razón deste oferta xeral, a formalización dos nomeamentos que resulten da selección do punto anterior, serán a causa de cesamento dos nomeamentos de atención continuada, con alta continuada, neses ámbitos, de acordo co previsto no punto 2º da Resolución do 6 de agosto de 2004, publicado no DOG nº 160, do 18 de agosto, polo que se acorda dar publicidade aos acordos acadados no seo da comisión de seguimento de urxencias extrahospitalarias.

Quinta.-Información.

5.1. As xerencias facilitaranlles aos aspirantes a información anterior e ofertarán os nomeamentos de servizo determinado en todos os ámbitos por orde da lista especial de urxencias extrahospitalarias para cobertura de longa duración, elaborada segundo a convocatoria ordinaria formalizada no mes de xuño de

2004, cos criterios fixados no Pacto de Selección Temporal e os ditados no seu desenvolvemento. Non poderán incluírse na oferta os 16 PAC seleccionados por dúas convocatorias específicas. Antes do inicio do proceso de selección, as xerencias convocarán á comisión de centro co obxecto de proceder a dar información sobre o proceso de selección temporal do persoal inscrito nas listaxes de vinculacións temporais e o número de vínculos que se vaian formalizar para a cobertura do servizo.

5.2. Publicación da oferta de vínculo: Unha vez determinadas as necesidades de vinculacións, as xerencias publicarán nos taboleiros de anuncios a resolución de iniciación do proceso de selección, que conterá os seguintes datos:

1. Prazo habilitado para a formalización de solicitudes de PAC por orde de preferencia.
2. PAC piloto que se ofertan na área.
3. Horas de cobertura previstas en cada PAC piloto.
4. Número de persoal necesario para a cobertura.
5. Data e lugar de formalización do nomeamento de PAC piloto.

As xerencias de atención primaria, no caso do persoal facultativo, e as direccións provinciais, no de persoal de enfermaría, coordinaranse para levar a cabo a selección.

A solicitude poderá efectuarse por escrito ou mediante comparecencia ante órgano acreditado.

Sexta.-Xestión das listas especiais de urxencias extrahospitalarias.

6.1 A selección de aspirantes realizarase de conformidade co disposto na disposición 12 do Pacto sobre Selección Temporal (DOG número 104, do 1 de xuños de 2004).

Con base na dita norma, os aspirantes serán seleccionados das listas especiais de urxencias extrahospitalarias para vínculos de longa duración.

A orde de oferta de selección realizarase aos aspirantes da dito listaxe por orde de puntuación, ademais, deberán reunir as condicións seguintes, recollidas nas disposicións concordantes do pacto citado:

A. No momento de formalizar a oferta de selección estean dispoñibles nas listas por non estar vinculados co Sergas, ou con calquera fundación pública sanitaria, administración ou empresa, por nomeamentos de longa duración (de duración igual ou superior a un ano, interino en praza vacante).

B. No momento de formalizar a oferta estean dispoñibles para vínculos de longa duración por ter un vínculo ou contrato vixente de duración inferior ao ano, ou un vínculo de atención continuada, ou vínculo de alta continuada para gardas ou atención continuada.

C. Os aspirantes anteriores serán chamados sempre que non teñan penalización vixente, e que non se encontren suspendidos de chamamento por calquera causa prevista na norma xeral 11.1º.2 do Pacto de Selección Temporal, excepto no suposto de maternidade o adopción legal. Neste último suposto os aspirantes serán chamados para a oferta, se ben o vínculo se formalizará unha vez termine o período que deu lugar a causa de suspensión, nos termos legalmente previstos. Mentres, formalizarase un vínculo de atención continuada co profesional da lista que lle corresponda, coa duración da causa de suspensión.

6.2. Promoción interna: Os profesionais das listas especiais de aspirantes de urxencias extra hospitalarias por promoción interna de médicos de familia serán chamados para a cobertura do 50% dos vínculos ofertados de longa duración. Os profesionais das listas especiais de urxencias extrahospitalarias de promoción interna de diplomado en enfermaría serán chamados sempre que pertencen o mesmo centro de xestión, de acordo coa regulación xeral prevista para promoción profesional na norma xeral 9 do Pacto de Selección Temporal.

6.3. Orde de chamamentos: Os aspirantes das categorías de facultativos e persoal de enfermaría serán chamados polo seu número de orde polas seguintes listaxes:

1º Aspirantes inscritos nas listaxes especiais para vinculacións de longa duración no novo modelo de atención continuada en PAC, confeccionadas en virtude da convocatoria ordinaria de selección temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos con data do 9 de xuño de 2004. O rexeitamento polos aspirantes desta oferta de vinculación de longa duración levará canda si a penalización de chamamentos por un ano ou exclusión da lista de ser a segunda renuncia, segundo se dispón na norma xeral 11 do pacto.

2º Os aspirantes incorporados a estas listaxes especiais nas convocatorias automáticas, formalizadas ao abeiro da Norma Xeral 6.3. do Pacto sobre Selección Temporal no ano 2004, de acordo coa data de publicación destas. O rexeitamento polos aspirantes desta oferta de vinculación de longa duración levará canda si a penalización de chamamentos por un ano ou exclusión da lista de ser a segunda renuncia, segundo se dispón na norma xeral 11 do pacto.

3º. En caso de non ser suficiente para a cobertura o número de aspirantes inscritos nas listaxes especiais da convocatoria ordinaria e das automáticas, poderá convocarse aos aspirantes da listaxe xeral.

4º. Seguidamente, poderanse ofrecer os vínculos aos profesionais que non teñan ofertados vínculos nas áreas limítrofes e que figuren inscritos nestas listaxes especiais de urxencias extrahospitalarias. As áreas limítrofes figuran no Pacto de Selección Temporal. Formalizada a oferta a un aspirante da área limítrofe, de ser rexeitada, non levará consigo penalización.

5º. De non ter aspirantes suficientes, despois de ter efectuadas as ofertas anteriores, formalizarase a oferta aos aspirantes que figuran na listaxe ordinaria e que non optaron na primeira oferta voluntaria que se refire no punto 3. De ser rexeitada esta oferta, serán excluídos por segunda renuncia inustificada, se é o caso.

Sétima.-Condicións de traballo e retribucións.

7.1. O nomeamento vincula ao profesional para a cobertura de atención continuada por un número de horas que figura neste, que serán realizadas segundo calendario mensual.

7.2. No nomeamento constarán as horas correspondentes ao período, en número suficiente para a cobertura prevista. O número de horas poderá ser obxecto de ampliación derivada das necesidades asistenciais. De darse esta incidencia será tratada polas xerencias na comisión de centro. As horas poderán ser en atención ordinaria, sempre que sexan encomendadas de xeito regrado, conforme un procedemento negociado cos representantes dos traballadores na comisión de centro ou xunta de área, e co calendario previsto pola organización.

7.3. O calendario mensual de quendas de atención continuada que debe realizar o profesional nomeado fixarase e notificarase con anterioridade, sen prexuízo da súa posible adaptación derivada da realización de atención ordinaria, por mor do incumprimento do réxime de descansos. A comisión de seguimento das carteleiras de traballo, que os seus membros serán designados pola comisión de seguimento do acordo que se asigne, terá coñecemento das incidencias que se produzan na repartición ponderada das quendas de traballo nos PAC.

7.4. Retribucións: Os profesionais vinculados conforme o anterior, serán retribuídos cos correspondentes códigos orzamentarios creados para PAC piloto, coas condicións previstas no pacto regulador destes.

Oitava.-Servizos prestados.

Os servizos prestados polo dito nomeamento corresponden á categoría obxecto de vinculación, en postos de traballo de médico de familia ou diplomado de enfermaría con centro de traballo en PAC. Santiago de Compostela, 27 de abril de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

ANEXO I

XAP Lugo: PAC do Corgo, PAC de Guitiriz, PAC de Guntín, PAC de Lugo, PAC de Sarria, PAC de Vilalba, PAC de Outeiro de Rei. XAP Ourense: PAC da Pobra de Trives, PAC de Viana do Bolo, PAC de Castro Caldelas. XAP Santiago de Compostela: PAC de Boiro, PAC de Noia, PAC de Ordes, PAC de Padrón, PAC de Rianxo, PAC de Ribeira, PAC da Pobra do Caramiñal, PAC de Santa Comba. Área da Coruña: PAC de Arteixo, PAC de Culleredo, PAC da Laracha, PAC de Ponteceso, PAC de Sada, PAC de Vimianzo, PAC Oleiros e PAC Carballo. Área de Ferrol: PAC de Narón, PAC das Pontes de García Rodríguez, PAC de Pontedeume. Área de Vigo: PAC de Redondela, PAC de Moaña e PAC da Guarda. Área de Pontevedra, PAC de Lalín, PAC de Vilagarcía de Arousa, PAC de Sanxenxo.

A relación anterior poderá verse ampliada, se é o caso, a través dos programas funcionais das xerencias correspondentes.